

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### BANCO DE ESPAÑA

- 11483** *Circular 7/2016, do 29 de novembro, do Banco de España, pola que se desenvolven as especificidades contables que aplicarán as fundacións bancarias, e pola que se modifican a Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros, e a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos.*

A Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias (en diante, Lei 26/2013, do 27 de decembro), introduciu un cambio significativo no marco xurídico das caixas de aforros no noso país obrigando aquelas que excedesen determinados límites, fixados en termos do seu ámbito de actuación territorial ou do seu volume de negocio, a transformarse en fundacións bancarias e a perder a súa condición de entidades de crédito. Un dos obxectivos fundamentais da citada lei é que as ditas fundacións bancarias focalicen a súa atención no desenvolvemento da súa obra social.

Así mesmo, a referida lei estableceu obrigas especiais para aquelas fundacións bancarias que superen determinados límites de participación no capital das entidades de crédito. Deste xeito, se esa participación alcanza o 30 %, as fundacións bancarias deben remitir ao Banco de España, para a súa aprobación, un protocolo de xestión da súa participación financeira e un plan financeiro anual. En caso de que a participación alcance o 50 % ou outra porcentaxe inferior que lles permita o control, esas fundacións teñen o deber de reforzar o plan financeiro, incorporando un plan de diversificación de investimentos, e de constituír un fondo de reserva para facer fronte a posibles necesidades de recursos propios da entidade de crédito participada.

O Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, de desenvolvemento da Lei 26/2013, do 27 de decembro, e a Circular do Banco de España 6/2015, do 17 de novembro, veñen regular, respectivamente, o citado fondo de reserva e as obrigas das fundacións bancarias derivadas das súas participacións en entidades de crédito.

Adicionalmente, a Lei 26/2013, do 27 de decembro, establece as funcións atribuídas ao Banco de España respecto das fundacións bancarias no marco das súas competencias como autoridade responsable da supervisión da entidade de crédito participada. O Banco de España debe controlar que as fundacións bancarias cumpren as normas contidas na referida lei derivadas da súa participación na entidade de crédito e, en particular, debe valorar a influencia da fundación bancaria sobre a xestión sa e prudente da citada entidade.

As fundacións bancarias están obrigadas a levar unha contabilidade ordenada, conforme o estipulado na Lei 50/2002, de fundacións. Por outra banda, a Orde ECC/2575/2015, do 30 de novembro, pola que se determinan o contido, a estrutura e os requisitos de publicación do informe anual de goberno corporativo, e se establecen as obrigas de contabilidade das fundacións bancarias, habilita o Banco de España para o desenvolvemento das normas e dos modelos de información financeira das ditas fundacións. Neste sentido, dada a natureza especial deste tipo de entidades, de carácter fundacional, pero tamén con actividade de relevancia financeira, a presente circular adapta a normativa contable aplicable polo dito carácter fundacional ás particularidades derivadas das obrigas que comporta a súa participación en entidades de crédito.

En particular, especifícase o réxime contable que as fundacións bancarias aplicarán nas súas contas anuais individuais e consolidadas, determínase a necesidade de identificar na contabilidade interna a composición e a materialización do fondo de reserva que determinadas fundacións bancarias deben constituír e desenvólvese información adicional que se debe incluír na memoria.

Así mesmo, introdúcense modificacións na Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros, para precisar e actualizar o contido dalgunhas normas e estados, en liña coas últimas modificacións nas definicións e nos formatos para a elaboración dos estados de información financeira supervisora na Unión Europea (coñecidos como «Finrep»), así como para simplificar as obrigas de información das entidades de crédito.

Por último, modifícase a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos, para actualizar a normativa aplicable á situación dos titulares de risco, mellorar a información sobre a situación das operacións reestruturadas e refinciar e precisar os conceptos de garantes e aseguradores e afianzadores, así como o tratamento dos dereitos de cobramento das tarifas reguladas.

En consecuencia, en uso das facultades que ten conferidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

## ÍNDICE

- Norma 1. Obxecto.
- Norma 2. Réxime xeral das contas anuais individuais das fundacións bancarias.
- Norma 3. Réxime xeral das contas anuais consolidadas das fundacións bancarias.
- Norma 4. Identificación na contabilidade interna da composición e materialización do fondo de reserva.
- Norma 5. Contido da memoria.
- Norma 6. Remisión ao Banco de España de estados reservados individuais.
- Norma 7. Remisión ao Banco de España das contas anuais públicas.
- Disposición derradeira primeira. Modificación da Circular 4/2004.
- Disposición derradeira segunda. Modificación da Circular 1/2013.
- Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Referencias normativas utilizadas nesta circular:

- Lei 50/2002: Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.
- Lei 26/2013: Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.
- Real decreto 1514/2007: Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade.
- Real decreto 1159/2010: Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, polo que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas e se modifican o Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, e o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.
- Real decreto 1491/2011: Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.
- Real decreto 877/2015: Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, de desenvolvemento da Lei 26/2013, do 27 de decembro, polo que se regula o fondo de reserva que deben constituír determinadas fundacións bancarias; se modifica o Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto 1/2011, do 1 de xullo; e se modifica o Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.
- Circular 4/2004: Circular do Banco de España 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros.

Circular 1/2013: Circular do Banco de España 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos.

Circular 6/2015: Circular do Banco de España 6/2015, do 17 de novembro, ás caixas de aforros e fundacións bancarias, sobre determinados aspectos dos informes de remuneracións e goberno corporativo das caixas que non emitan valores admitidos á negociación en mercados oficiais de valores e sobre as obrigas das fundacións bancarias derivadas das súas participacións en entidades de crédito.

**Norma 1. *Obxecto.***

Esta circular ten por obxecto regular o réxime das contas anuais, individuais e consolidadas, das fundacións bancarias reguladas na Lei 26/2013, así como o dos estados reservados que deben remitir ao Banco de España.

**Norma 2. *Réxime xeral das contas anuais individuais das fundacións bancarias.***

1. Na formulación das súas contas anuais individuais, as fundacións bancarias aplicarán o previsto no Real decreto 1491/2011, coas particularidades recollidas na presente circular.

2. Supletoriamente, en todo o non regulado especificamente polo Real decreto 1491/2011 e por esta circular, será de aplicación o Plan xeral de contabilidade, nos termos previstos no Real decreto 1514/2007, así como as adaptacións sectoriais e as resolucións do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas aprobadas ao abeiro das disposicións derradeiras primeira e terceira, respectivamente, do citado real decreto.

3. A estrutura das contas anuais individuais das fundacións bancarias (incluídos os formatos do balance, da conta de resultados e da memoria) debe adaptarse ao modelo normal regulado no Real decreto 1491/2011. Para formularen as súas contas anuais individuais, as fundacións bancarias non poderán utilizar os modelos abreviados e simplificados regulados no mencionado real decreto.

**Norma 3. *Réxime xeral das contas anuais consolidadas das fundacións bancarias.***

1. As fundacións bancarias con participacións en sociedades mercantís, incluíndo entidades de crédito, nas cales manteñan unha posición de control nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio, deberán formular contas anuais consolidadas conforme o previsto no dito código e no Real decreto 1159/2010, coas particularidades previstas nesta circular.

Para os efectos da elaboración das contas anuais consolidadas das fundacións bancarias, en relación cos elementos do activo, pasivo, ingresos e gastos e demais partidas das contas da entidade de crédito participada, non procederá realizar a homoxeneización valorativa previa á incorporación ás contas anuais da fundación.

2. Malia o anterior, en caso de que na data de peche do exercicio algunha das sociedades do grupo tivese emitido valores admitidos á cotización nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea, aplicaranse as normas internacionais de información financeira adoptadas polos regulamentos da Unión Europea para a formulación das contas anuais consolidadas.

3. En todo caso, a estrutura das contas anuais consolidadas das fundacións bancarias (balance, conta de perdas e ganancias, estado de ingresos e gastos recoñecidos, estado total de cambios no patrimonio neto, estado de fluxos de efectivo e memoria) debe adaptarse ao contido e aos formatos establecidos no capítulo cuarto da Circular 4/2004, sobre «Contido dos estados financeiros».

**Norma 4. *Identificación na contabilidade interna da composición e materialización do fondo de reserva.***

As fundacións bancarias que, de acordo co Real decreto 877/2015, deban constituír un fondo de reserva, deberán identificar na súa contabilidade interna: i) o detalle das partidas

dos fondos propios que compoñan o fondo de reserva constituído e ii) o detalle das partidas que recollan os activos en que se materialice este fondo, de acordo co previsto na Circular 6/2015. Os referidos activos rexistraranse contablemente nas partidas do balance que por natureza lles corresponda.

**Norma 5. Contido da memoria.**

1. Na memoria das contas anuais individuais e consolidadas, as fundacións bancarias, ademais da información que deban detallar de acordo co previsto nas normas 2 e 3, deberán incluír os seguintes aspectos, na medida en que lles sexan de aplicación de acordo coa Lei 26/2013:

a) Con relación ao protocolo de xestión que están obrigadas a elaborar as fundacións bancarias a que se refire o artigo 43 da Lei 26/2013, deberase informar sobre se foi aprobado polo Banco de España e, de ser o caso, da data desa aprobación. Así mesmo, incluírase unha referencia explícita á epígrafe da páxina web da fundación en que estea publicado ese protocolo.

Adicionalmente, deberase informar na memoria dos elementos esenciais do contido do protocolo de xestión, tales como: i) os criterios estratéxicos da xestión da participación na entidade de crédito; ii) as relacións entre o Padroado da fundación e os órganos de goberno da entidade de crédito participada, e iii) os criterios que rexen as operacións entre a fundación e a entidade de crédito participada, así como os mecanismos previstos para evitar posibles conflitos de interese.

b) Con relación ao plan financeiro que están obrigadas a elaborar as fundacións bancarias a que se refire o artigo 44 da Lei 26/2013, deberase informar na memoria sobre se foi aprobado polo Banco de España e, se é o caso, da data da dita aprobación. Así mesmo, as fundacións deberán indicar na memoria se están obrigadas a presentar ao Banco de España un plan financeiro reforzado, de acordo coas disposicións contidas na Lei 26/2013.

2. No caso de fundacións que actúen de forma concertada, de acordo co artigo 43.2 da Lei 26/2013, a información sobre o protocolo de xestión e o plan financeiro elaborados de forma conxunta, conforme o establecido na norma décimo sexta da Circular 6/2015, debe figurar na memoria de cada unha delas, conforme o establecido nos puntos anteriores.

3. As fundacións bancarias incluírán na memoria a información relativa ao punto 13.2 «Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios» do modelo da memoria establecido polo Real decreto 1491/2011, que comprende tanto información sobre os bens e dereitos que formen parte da dotación fundacional ou fondo social e os vinculados directamente ao cumprimento dos fins propios, como información sobre o destino de rendas e ingresos. Non obstante, en relación con esta última, non incluírán o modelo que figura nesa epígrafe sobre «o grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos», dada a particularidade establecida para as fundacións bancarias na disposición adicional terceira da Lei 26/2013.

**Norma 6. Remisión ao Banco de España de estados reservados individuais.**

1. As fundacións bancarias a que se refire o artigo 44 da Lei 26/2013, obrigadas a presentar un plan financeiro reforzado, deberán remitir ao Banco de España os seguintes estados reservados individuais, de acordo cos formatos incluídos no anexo 1:

Estado	Denominación	Periodicidade
FB.1	Balance individual reservado.	Anual.
FB.2	Conta de resultados individual reservada.	Anual.
FB.3	Desagregación do investimento en activos financeiros por contraparte.	Anual.
FB.4	Desagregación do investimento en activos financeiros por códigos CNAE.	Anual.

As restantes fundacións bancarias deberán remitir ao Banco de España exclusivamente os estados individuais FB.1 e FB.2.

Os citados estados deberanse remitir non máis tarde do 31 de marzo de cada ano e deberán estar referidos ao 31 de decembro do exercicio anterior.

2. A presentación dos estados individuais reservados ao Banco de España deberase facer mediante transmisión telemática, de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto.

Con independencia da responsabilidade da fundación bancaria e dos membros do Padroado, os estados individuais reservados deberá asinalos electronicamente o presidente ou, sempre que o Padroado os designase expresamente como responsables para estes efectos, o director xeral, o secretario do Padroado ou ambos os dous.

3. O Banco de España poderá elaborar aplicacións técnicas e correlacións, que se publicarán no seu sitio web, para facilitar a confección dos estados individuais reservados.

#### Norma 7. *Remisión ao Banco de España das contas anuais públicas.*

Todas as fundacións bancarias enviarán ao Banco de España as contas anuais individuais e, de ser o caso, as contas anuais consolidadas, cos correspondentes informes de auditoría, dentro dos 10 días hábiles seguintes á súa aprobación polo Padroado.

#### Disposición derradeira primeira. *Modificación da Circular 4/2004.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Circular 4/2004, do 22 de decembro, ás entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros:

1. Na norma cuarta, o número 4 substitúese polo seguinte texto:

«4. A difusión dos estados financeiros primarios individuais a que se fai referencia no número 1 realizarana a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Caixas de Aforros ou a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito, e sinalarán de forma clara e preeminente que os estados publicados foron formulados aplicando as normas de información financeira pública desta circular».

2. Na norma quinta, o número 2 substitúese polo seguinte texto:

«2. A difusión dos estados financeiros primarios consolidados a que se fai referencia no número 1 realizarana a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Caixas de Aforros ou a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito, e sinalarán de forma clara e preeminente que os estados publicados foron formulados aplicando as normas de información financeira pública desta circular».

3. Na norma sesaxésimo cuarta, sobre «Criterios de recoñecemento, valoración e presentación», realízanse as seguintes modificacións:

a) A letra j) do número 15 substitúese polo seguinte texto:

«j) «Importe máximo recuperable»: importe menor entre o «importe recuperable» das garantías reais eficaces, calculado conforme o disposto no anexo IX, e o importe en libros bruto dos activos financeiros ou o nominal tras aplicar factores de conversión das exposicións fóra de balance. Este cálculo realizarase operación a operación».

b) No número 15 insírense catro novas letras: k), l), m) e n), co seguinte texto:

«k) «Exceso da exposición bruta sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces»: importe da diferenza positiva entre o importe en libros

bruto dos activos financeiros e o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces. Este cálculo realizarase operación a operación. Cando as operacións non teñan garantías reais eficaces, este importe coincidirá co da exposición bruta.

l) «Exceso da exposición tras aplicar factores de conversión sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces»: importe da diferenza positiva entre o nominal tras aplicar factores de conversión das exposicións fóra de balance e o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces. Este cálculo realizarase operación a operación. Cando as operacións non teñan garantías reais eficaces, este importe coincidirá co nominal tras aplicar factores de conversión.

m) «Exceso da exposición bruta sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces e das garantías persoais sen risco apreciable»: importe da diferenza positiva entre o importe en libros bruto dos activos financeiros e a suma do importe máximo recuperable das garantías reais eficaces e o importe das garantías persoais sen risco apreciable. Este cálculo realizarase operación a operación. Cando as operacións non teñan garantías reais eficaces nin garantías persoais sen risco apreciable, este importe coincidirá co da exposición bruta e, cando o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces máis o importe das garantías persoais sen risco apreciable sexa maior que o importe da exposición bruta, será cero.

n) «Exceso da exposición tras aplicar factores de conversión sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces e das garantías persoais sen risco apreciable»: importe da diferenza positiva entre o nominal tras aplicar factores de conversión das exposicións fóra de balance e a suma do importe máximo recuperable das garantías reais eficaces e do importe das garantías persoais sen risco apreciable. Este cálculo realizarase operación a operación. Cando as operacións non teñan garantías reais eficaces nin garantías persoais sen risco apreciable, este importe coincidirá co nominal tras aplicar factores de conversión e, cando o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces máis o importe das garantías persoais sen risco apreciable sexa maior que o nominal tras aplicar factores de conversión, será cero».

4. Na norma sesaxésimo sétima, sobre «Estados individuais reservados», na relación de estados do número 1, o estado FI 101 pasa a denominarse «Información sobre préstamos formalizados, adquiridos ou cualificados no mes (negocios en España)».

5. Na norma septuaxésimo primeira, sobre «Estados reservados relativos aos requirimentos estatísticos da Unión Económica e Monetaria», o inciso (iv) da letra f) do número 2 substitúese polo seguinte texto:

«(iv) Préstamos renovables e descubertos: importes dispostos nos préstamos renovables, aínda que estean fóra dos límites temporais acordados nos contratos, entendidos como aqueles préstamos distintos dos instrumentados como tarxetas de crédito que teñen as seguintes características: 1) o prestameiro pode usar ou retirar fondos ata un límite de crédito previamente aprobado sen ter que avisar con antelación o prestamista; 2) o importe do crédito dispoñible pode aumentar ou diminuír conforme se obteñan os fondos prestados e se devolvan; 3) o crédito pode utilizarse repetidamente e 4) non existe a obriga de reembolso periódico dos fondos. Os préstamos renovables inclúen os importes desembolsados mediante liñas ou contas de crédito, aínda que teñan un vencemento establecido no contrato, que aínda non se reembolsasen. Esta partida tamén inclúe os importes dos excedidos nos préstamos renovables (importes que están fóra dos límites cuantitativos acordados nos contratos) e os descubertos (saldos debedores nas contas correntes)».

6. Na disposición adicional primeira substitúese o número 6 polo seguinte texto:

«6. A presentación de estados ao Banco de España deberase facer mediante transmisión telemática, de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto.



Con independencia da responsabilidade da entidade e dos membros do seu consello de administración ou órgano equivalente con respecto á veracidade de todos os estados que se remitan ao Banco de España, os estados financeiros, primarios, individuais e consolidados, así como os estados FI 1 e FI 2, agás os mensuais que non coincidan con final de trimestre, deberán ser asinados electronicamente polo presidente executivo, conselleiro delegado ou director xeral que presida o comité de dirección da entidade. Alternativamente, estes estados poderán ser asinados por outro director xeral ou cargo asimilado no sentido do artigo 6.6 da Lei 10/2014, entre cuxas responsabilidades se encontre a elaboración da información financeira da entidade. Para este efecto a entidade informará desta facultade no momento de solicitar a súa inscrición no Rexistro de Altos Cargos.

En casos excepcionais, a entidade poderá designar outra persoa distinta das anteriores con poder especial e suficiente outorgado polo Consello de Administración. Os datos destas persoas, xunto cunha copia do poder, comunicaránse ao Banco de España a través do procedemento establecido para os altos cargos, que os anotará, para efectos simplemente informativos e de control do remitente dos estados asinados electronicamente.

O anterior é tamén de aplicación no caso das sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras.

As entidades poderán designar máis dunha persoa para que, de xeito indistinto, poidan asinar electronicamente a citada información.

Os estados a que se refire este parágrafo deberánse enviar, en todo caso, dentro do prazo máximo que se establece na normativa aplicable. Non obstante, e sen prexuízo desa obriga de remisión, a súa sinatura electrónica poderase realizar dentro dos 10 días naturais seguintes ao vencemento do citado prazo máximo.

En caso de rectificación de datos, se os estados que se teñen que asinar electronicamente se envían por motivos técnicos xunto con outros estados, só se asinará electronicamente o novo envío de datos se as modificacións realizadas afectan algún dos estados que requiren a dita sinatura».

7. No anexo I «Estados individuais públicos» realízanse as seguintes modificacións:
- a) No estado PI 7-1, a columna «Exceso sobre o valor da garantía real (c)» pasa a denominarse «Exceso da exposición bruta sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces (c)» e a letra (c) substitúese polo seguinte texto:

«(c) Este importe calcúlase conforme o disposto na norma 64.<sup>a</sup>15.k) da Circular 4/2004».

- b) No estado PI 9 realízanse as seguintes modificacións:

- i) Na liña «Total» ábrense todas as celas.  
ii) A nota (a) substitúese polo seguinte texto:

«(a) A definición de préstamos á clientela é a que se utiliza na confección do balance. Este estado inclúe todas as operacións desta natureza, con independencia da partida en que estean incluídas no balance, agás na partida «Activos non correntes e grupos alleables de elementos que se clasificaron como mantidos para a venda».

O importe que se debe reflectir para os diferentes datos é o importe en libros das operacións, é dicir, despois de deducir as correccións de valor efectuadas para a cobertura das operacións».

- c) Nos estados PI 10-1 e PI 10-2 realízanse as seguintes modificacións:

- i) Na liña «Total» ábrense todas as celas.

ii) A nota (a) substitúese polo seguinte texto:

«(a) A definición de exposicións para os efectos deste estado inclúe os préstamos e anticipos, valores representativos de débeda, instrumentos de patrimonio, derivados (mantidos para negociar e de cobertura), investimentos en dependentes, negocios conxuntos e asociados, e garantías concedidas, calquera que sexa a partida en que estean incluídos no balance, agás na partida «Activos non correntes e grupos alleables de elementos que se clasificaron como mantidos para a venda».

O importe dos activos é o importe en libros das operacións, é dicir, despois de deducir as correccións de valor efectuadas para a cobertura das operacións.

O importe das garantías concedidas é o valor nominal.

A distribución da actividade por áreas xeográficas realizarase en función do país de residencia dos prestameiros, emisores dos valores e contrapartes dos derivados e garantías concedidas».

d) No estado PI 13-2 engádese a liña «Vencemento residual ata un ano» a seguir da liña «Das cales: valores propios» do bloque correspondente a «Resto de emisións».

8. No anexo III «Estados consolidados públicos» realízanse as seguintes modificacións:

a) No estado PC 7-1, a columna «Exceso sobre o valor da garantía real (c)» pasa a denominarse «Exceso da exposición bruta sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces (c)» e a letra (c) substitúese polo seguinte texto:

«(c) Este importe calcúlase conforme o disposto na norma 64.<sup>a</sup>15.k) da Circular 4/2004».

b) No estado PC 9 realízanse as seguintes modificacións:

i) Na liña «Total» ábrense todas as celas.

ii) O primeiro parágrafo da nota (a) substitúese polo seguinte texto:

«(a) A definición de préstamos á clientela é a que se utiliza na confección do balance. Este estado inclúe todas as operacións desta natureza, con independencia da partida en que estean incluídas no balance, agás na partida «Activos non correntes e grupos alleables de elementos que se clasificaron como mantidos para a venda».

O importe que se debe reflectir para os diferentes datos é o importe en libros das operacións, é dicir, despois de deducir as correccións de valor efectuadas para a cobertura das operacións».

c) Nos estados PC 10-1 e PC 10-2 realízanse as seguintes modificacións:

i) Na liña «Total» ábrense todas as celas.

ii) A nota (a) substitúese polo seguinte texto:

«(a) A definición de exposicións para os efectos deste estado inclúe os préstamos e anticipos, valores representativos de débeda, instrumentos de patrimonio, derivados (mantidos para negociar e de cobertura), investimentos en negocios conxuntos e asociados, e garantías concedidas, calquera que sexa a partida en que estean incluídos no balance, agás na partida «Activos non correntes e grupos alleables de elementos que se clasificaron como mantidos para a venda».

O importe dos activos é o importe en libros das operacións, é dicir, despois de deducir as correccións de valor efectuadas para a cobertura das operacións.

O importe das garantías concedidas é o valor nominal.

A distribución da actividade por áreas xeográficas realizarase en función do país de residencia dos prestameiros, emisores dos valores e contrapartes dos derivados e garantías concedidas».



9. No anexo IV «Estados individuais reservados» realízanse as seguintes modificacións:

- a) No índice do anexo:
- Engádese o estado FI 16-1.1 «Ingresos e gastos en concepto de xuros, por instrumentos e sectores das contrapartes».
  - O estado FI 16-1 pasa a denominarse FI 16-1.2 «Ingresos e gastos en concepto de xuros, por instrumentos e sectores das contrapartes. Información adicional».
  - O estado FI 101 pasa a denominarse «Información sobre préstamos formalizados, adquiridos ou cualificados no mes (negocios en España)».
- b) No estado FI 2, na desagregación da partida «Ingresos por xuros» engádese a liña «Ingresos por xuros de pasivos» a seguir da liña «Outros activos», e na desagregación da partida «Gastos por xuros» engádese a liña «Gastos por xuros de activos» a seguir da liña «Outros pasivos».
- c) Engádese o estado FI 16-1.1 «Ingresos e gastos en concepto de xuros, por instrumentos e sectores das contrapartes», que se inclúe no anexo 2 da presente circular.
- d) O estado FI 16-1 pasa a denominarse FI 16-1.2 «Ingresos e gastos en concepto de xuros, por instrumentos e sectores das contrapartes. Información adicional».
- e) No estado FI 31-2, a rúbrica «Aumento ou (-) diminución durante o período da deterioración de valor e das provisións para instrumentos de débeda cuxo valor se deteriorou, garantías en situación de impagamento e compromisos en situación de impagamento» pasa a denominarse «Aumento ou (-) diminución durante o período da deterioración de valor acumulado, os cambios acumulados no valor razoable debidos ao risco de crédito e as provisións por instrumentos de débeda, garantías e compromisos con incumprimentos».
- f) O estado FI 101 substitúese polo estado que se inclúe no anexo 2 da presente circular.
- g) O estado FI 102 substitúese polo estado que se inclúe no anexo 2 da presente circular.
- h) No estado FI 106-2.1, a nota (a) substitúese polo seguinte texto:
- «(a) O estado FI 106-2 téñeno que enviar as entidades no mes en que reciban inmobles para a cancelación, total ou parcial, de operacións de préstamo, incluídas as correspondentes ás súas sociedades instrumentais españolas, aínda que estean rexistrados contablemente noutras entidades do mesmo grupo económico, con independencia de como adquirisen a propiedade e da partida en que estean incluídos no balance, agás os clasificados como activo material de uso propio. Os datos actualizaranse cando se modifiquen.
- Os datos do estado FI 106-2 teranse que remitir ao Banco de España, aínda que os activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas estivesen declarados como garantías reais recibidas na Central de Información de Riscos (en diante, a CIR).
- Cando se produzan a alta e a baixa dun activo no mesmo mes, non se declararán datos neste estado; non obstante, as baixas téñense que declarar no estado FI 142-2.
- Cando se produza a venda parcial dun activo, os importes declarados non se actualizarán neste estado para reducilos na porcentaxe que representen os activos vendidos sobre os activos rexistrados con anterioridade á venda.
- As definicións das columnas, así como os valores que poden tomar, son as mesmas que as das dimensións de igual nome do módulo D.2 «Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía» da circular sobre a CIR».
- i) No estado FI 131-3.1.2 realízanse os seguintes cambios:
- i) Nos bloques «Instrumentos de débeda sen incumprimento/normais» e «Dos cales: instrumentos de débeda normais en vixilancia especial», a columna «Exceso da exposición

sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces» pasa a denominarse «Exceso da exposición bruta sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces».

ii) Nos bloques «Instrumentos de débeda sen incumprimento/normais» e «Dos cales: instrumentos de débeda normais en vixilancia especial», engádese a columna «Exceso da exposición bruta sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces e das garantías persoais sen risco apreciable» a seguir da columna «Exceso da exposición bruta sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces».

j) No estado FI 131-3.2.2, nos bloques «Exposicións fóra de balance sen incumprimento/normais» e «Das cales: exposicións fóra de balance normais en vixilancia especial», engádese a columna «Exceso da exposición tras aplicar factores de conversión sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces e das garantías persoais sen risco apreciable» a seguir da columna «Exceso da exposición tras aplicar factores de conversión sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces».

k) No estado FI 131-4.2 realízanse os seguintes cambios:

i) En cada un dos bloques de columnas para os cales se piden datos, a columna «Exceso da exposición sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces» pasa a denominarse «Exceso da exposición bruta (ou exposición tras aplicar factores de conversión) sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces».

ii) En cada un dos bloques de columnas para os cales se piden datos, engádese a columna «Exceso da exposición bruta (ou exposición tras aplicar factores de conversión) sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces e das garantías persoais sen risco apreciable» a seguir da columna «Exceso da exposición bruta (ou exposición tras aplicar factores de conversión) sobre o importe máximo recuperable das garantías reais eficaces».

l) No estado FI 131-5.3, no bloque relativo a «Inmobles», a liña «Resto de inmobles» substitúese polas liñas «Edificios en construción», «Outras construcións» e «Restantes terreos».

m) No estado FI 131-5.4, a liña «Resto de inmobles» substitúese polas liñas «Edificios en construción», «Outras construcións» e «Restantes terreos».

n) No estado FI 138-2, na desagregación da partida «Ingresos por xuros» engádese a liña «Ingresos por xuros de pasivos» a seguir da liña «Outros activos» e na desagregación da partida «Gastos por xuros» engádese a liña «Gastos por xuros de activos» a seguir da liña «Outros pasivos».

o) No estado FI 141-3, a liña «Resto de inmobles» substitúese polas liñas «Edificios en construción», «Outras construcións» e «Restantes terreos».

p) No estado FI 143, nas desagregacións das categorías «Normais en vixilancia especial» e «Con incumprimentos/dubidosos» engádese, a seguir do bloque de columnas «Garantía de instrumentos financeiros», o bloque de columnas «Resto de garantías reais eficaces», que comprende en ambos os dous casos as columnas «Importe en libros bruto» e «Deterioración de valor acumulada».

q) No estado FI 160-4.2, a columna «Importe máximo das garantías reais que pode considerarse para os efectos do cálculo da deterioración» pasa a denominarse «Garantías reais eficaces. Importe máximo recuperable».

r) No estado FI 161 suprimese a columna «Persoas sinaladas no artigo 4.4.f) do Real decreto 2606/1996».

s) No estado FI 180, a liña «Número de prestamistas que son fogares, excluídas as ISFSF (g)» substitúese por «Número de prestameiros que son fogares, excluídas as ISFSF (g)» e a liña «Número de prestamistas que son sociedades non financeiras» substitúese por «Número de prestameiros que son sociedades non financeiras».

10. No anexo IV «Estados individuais reservados» suprimense os estados T.15 e T.16.

11. No anexo V «Estados consolidados reservados», no estado FC 201-2, na desagregación da partida «Ingresos por xuros» engádese a liña «Ingresos por xuros de pasivos» a seguir da liña «Outros activos», e na desagregación da partida «Gastos por xuros» engádese a liña «Gastos por xuros de activos» a seguir da liña «Outros pasivos».

12. No anexo IX «Análise e cobertura do risco de crédito» realízanse as seguintes modificacións:

a) O punto 47 substitúese polo seguinte texto:

«47. A cobertura será igual á diferenza entre o importe en libros bruto da operación e o valor actualizado da estimación dos fluxos de efectivo que se agarda cobrar, descontados utilizando o tipo de xuro efectivo da operación, conforme o establecido no número 8 da norma vixésimo novena. Para iso teranse en conta as garantías eficaces recibidas, de acordo co establecido na epígrafe I.D. «Garantías e taxacións».

No caso das operacións concedidas por debaixo do seu custo, segundo o indicado na letra c) do punto 11, a entidade terá en conta o tipo de xuro efectivo calculado a partir do valor razoable da operación».

b) A letra c) do punto 90 substitúese polo seguinte texto:

«c) Que o titular págase as cotas devindicadas de principal e xuros desde a data en que se formalizou a operación de reestruturación ou refinanciamento ou, se for posterior, desde a data de reclasificación desde a categoría de dubidoso. Adicionalmente, será necesario:

i) Que o titular satisfíxese mediante pagamentos regulares un importe equivalente a todos os importes (principal e xuros) que estivesen vencidos na data da operación de reestruturación ou refinanciamento, ou que se deron de baixa como consecuencia dela;

ii) ou ben, cando resulte máis adecuado atendendo ás características das operacións, que se verificasen outros criterios obxectivos que demostren a capacidade de pagamento do titular.

Por tanto, a existencia de cláusulas contractuais que dilaten o reembolso, tales como períodos de carencia para o principal, implicará que a operación permaneza identificada como risco normal «en vixilancia especial» ata que se cumpran os criterios descritos nesta letra».

c) O punto 92 substitúese polo seguinte texto:

«92. Durante o período de proba descrito, un novo refinanciamento ou reestruturación das operacións de refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas, ou a existencia de importes vencidos nesas operacións cunha antigüidade superior aos 30 días, suporá a reclasificación destas operacións á categoría de risco dubidoso por razóns distintas da morosidade, sempre que estivesen clasificadas na categoría de risco dubidoso antes do inicio do período de proba».

d) A letra b) do punto 104 substitúese polo seguinte texto:

«b) Que o titular págase as cotas devindicadas de principal e xuros, reducindo o principal renegociado desde a data en que se formalizou a operación de reestruturación ou refinanciamento ou, se for posterior, desde a data de reclasificación daquela ás categorías de dubidosos. En consecuencia, a operación non poderá presentar importes vencidos. Adicionalmente, será necesario:

i) Que o titular satisfíxese mediante pagamentos regulares un importe equivalente a todos os importes, principal e xuros, que estivesen vencidos na data da operación de reestruturación ou refinanciamento, ou que se deron de baixa como consecuencia dela;

ii) ou ben, cando resulte máis adecuado atendendo ás características das operacións, que se verificasen outros criterios obxectivos que demostren a capacidade de pagamento do titular».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Circular 1/2013.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Circular 1/2013:

a) No número 1 da norma décimo sexta, sobre uso da CIR por parte das entidades declarantes, engádese o seguinte texto ao final da letra a):

«As operacións cuxo tipo de produto sexa «Dereitos de cobramento sobre tarifas reguladas» non se incluírán na información que se lles facilita ás entidades declarantes».

b) No anexo 2, sobre «Instrucións para elaborar os módulos de datos», e no 3, sobre «Información dos riscos que se lles facilitará ás entidades declarantes», introdúcense as modificacións que se indican no anexo 3 da presente circular.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo:

a) O novo formato do estado FI 101 «Información sobre préstamos formalizados, adquiridos ou cualificados no mes (negocios en España)», introducido, polo punto 9.f) da disposición derradeira primeira, no anexo IV da Circular 4/2004, que entrará en vigor o 31 de decembro de 2016. A remisión do primeiro estado poderase facer ata a mesma data en que se envíe o estado correspondente ao 31 de marzo de 2017.

b) As modificacións introducidas pola letra b) da disposición derradeira segunda na Circular 1/2013, que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Madrid, 29 de novembro de 2016. O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.

ANEXO 1 ESTADOS INDIVIDUAIS RESERVADOS DAS FUNDACIÓNS BANCARIAS

FB.1

FB.1 BALANCE INDIVIDUAL RESERVADO

ACTIVO	Importe en libros	Pro memoria: Activos en que se materializa o fondo de reserva(a)	
		Importe en libros	Importe en libros logo de axustes (b)
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>			
<b>I. Inmobilizado intanxible</b>			
1. Desenvolvemento			
2. Concesións			
3. Patentes, licenzas, marcas e similares			
4. Fondo de comercio			
5. Aplicacións informáticas			
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso			
7. Outro inmobilizado intanxible			
<b>II. Bens de patrimonio histórico</b>			
1. Bens inmoebles			
2. Arquivos			
3. Bibliotecas			
4. Museos			
5. Bens mobles			
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico			
<b>III. Inmobilizado material</b>			
1. Terreos e construcións			
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material			
3. Inmobilizado en curso e anticipos			
<b>IV. Investimentos inmobiliarios</b>			
1. Terreos			
2. Construcións			
<b>V. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a longo prazo</b>			
1. Instrumentos de patrimonio			
2. Créditos a entidades			
3. Valores representativos de débeda			
4. Derivados			
5. Outros activos financeiros			
<b>VI. Investimentos financeiros a longo prazo</b>			
1. Instrumentos de patrimonio			
2. Créditos a terceiros			
3. Valores representativos de débeda			
4. Derivados			
5. Outros activos financeiros			
<b>VII. Activos por imposto diferido</b>			
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>			
<b>I. Activos non correntes mantidos para a venda</b>			
<b>II. Existencias</b>			
1. Bens destinados á actividade			
2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
3. Produtos en curso			
4. Produtos rematados			
5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados			
6. Anticipos a provedores			
<b>III. Usuarios e outros debedores da actividade propia</b>			
<b>IV. Debedores comerciais e outras contas que se van cobrar</b>			
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos			
2. Clientes. Entidades do grupo e asociadas			
3. Debedores varios			
4. Persoal			
5. Activos por imposto corrente			
6. Outros créditos coas administracións públicas			
7. Fundadores por desembolsos exixidos			
<b>V. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a curto prazo</b>			
1. Instrumentos de patrimonio			
2. Créditos a entidades			
3. Valores representativos de débeda			
4. Derivados			
5. Outros activos financeiros			
<b>VI. Investimentos financeiros a curto prazo</b>			
1. Instrumentos de patrimonio			
2. Créditos a entidades			
3. Valores representativos de débeda			
4. Derivados			
5. Outros activos financeiros			
<b>VII. Periodificacións a curto prazo</b>			
<b>VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes</b>			
1. Tesouraría			
2. Outros activos líquidos equivalentes			
<b>TOTAL ACTIVO (A + B)</b>			

PATRIMONIO NETO E PASIVO	Importe en libros	Pro memoria Fondos propios que compoñen o fondo de reserva (c) (importe en libros)
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		
<b>A.1) Fondos propios</b> <b>I. Dotación fundacional/fondo social</b> 1. Dotación fundacional/fondo social 2. (Dotación fundacional non exixida/fondo social non exixido) <b>II. Reservas</b> 1. Estatutarias 2. Outras reservas <b>III. Excedentes de exercicios anteriores</b> 1. Remanente 2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores) <b>IV. Excedente do exercicio</b> <b>A.2) Axustes por cambio de valor</b> <b>I. Activos financeiros dispoñibles para a venda</b> <b>II. Operacións de cobertura</b> <b>III. Outros</b> <b>A.3) Subvencións, doazóns e legados recibidos</b> <b>I. Subvencións</b> <b>II. Doazóns e legados</b>		
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>		
<b>I. Provisións a longo prazo</b> 1. Obrigacións por prestacións a longo prazo ao persoal 2. Actuacións ambientais 3. Provisións por reestruturación 4. Outras provisións <b>II. Débedas a longo prazo</b> 1. Obrigacións e outros valores negociables 2. Débedas con entidades de crédito. 3. Acredores por arrendamento financeiro 4. Derivados 5. Outros pasivos financeiros <b>III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo</b> <b>IV. Pasivos por imposto diferido</b> <b>V. Periodificacións a longo prazo</b>		
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>		
<b>I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda</b> <b>II. Provisións a curto prazo</b> <b>III. Débedas a curto prazo</b> 1. Obrigacións e outros valores negociables 2. Débedas con entidades de crédito 3. Acredores por arrendamento financeiro 4. Derivados 5. Outros pasivos financeiros <b>IV. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo</b> <b>V. Beneficiarios-acreedores</b> <b>VI. Acredores comerciais e outras contas que se deben pagar</b> 1. Provedores 2. Provedores, entidades do grupo e asociadas 3. Acredores varios 4. Persoal (remuneracións pendentes de pagamento) 5. Pasivos por imposto corrente 6. Outras débedas coas administracións públicas 7. Anticipos recibidos por pedidos <b>VII. Periodificacións a curto prazo</b>		
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)</b>		

(a) Activos financeiros de elevada liquidez e calidade crediticia nos cales a fundación invistise o fondo de reserva conforme o disposto no número 1 da norma décimo segunda da Circular do Banco de España 6/2015.

(b) Importe dos activos financeiros despois de efectuar os axustes de redución de valor de acordo co establecido no número 3 da norma décimo segunda da Circular do Banco de España 6/2015.

(c) Fondos propios nos cales está constituído o fondo de reserva da fundación conforme o disposto no número 1 da norma décimo primeira da Circular do Banco de España 6/2015.



FB.2 CONTA DE RESULTADOS INDIVIDUAL RESERVADA

FB.2

	Periodo corrente
<b>A) OPERACIÓN CONTINUADAS</b>	
